

Avda. de San Sadurniño 19
15552 Valdovino
Tlfn:881 938 106 FAX: 881 938 113
cpi.atios@edu.xunta.es
<http://centros.edu.xunta.es/cpideatios>



O Proxecto Lector pode ser unha oportunidade para repensar as prácticas docentes relacionadas coa lectura e a escritura e educación en información, a prol da mellora da calidade do ensino e da construción dunha sociedade lectora.

Índice

1.-Presentación	Páx. 1
2.-Análise das dificultades lectoras atopadas	Páx. 3
3.-Aplicación da comprensión lectora na aula	Páx. 3
4.-Plan anual de lectura no centro	Páx. 7
5.-Proposta de actividades bienio 2020/22	Páx. 17
6.-Organización das bibliotecas de aula	Páx. 18
7.-Itinerarios lectores	Páx. 20
8.-As TIC no proxecto lector	Páx. 20
9.-O plan lector no entorno do alumnado	Páx. 21
10.- Avaliación do proxecto	Páx. 21

1.- Presentación

En cumprimento da coa Lei Orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa e a súa concreción no Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia, este Proxecto Lector de Centro tenta conseguir que o alumnado do CPI Atios, ao remate dos seus estudos e con relación á súa idade, posúa as competencias lingüísticas necesarias para o seu desenvolvemento persoal e profesional.

Para isto os profesores e profesoras do CPI de Atios adquiren o compromiso de poñer todo o seu empeño en elevar o nivel de comprensión lectora así como en fomentar o hábito lector entre o alumnado.

2.- Análise das dificultades lectoras atopadas

Este proxecto de lectura arranca da observación como docentes das dificultades coas que frecuentemente se enfrenta o neno/a, consistentes en:

- O insuficiente dominio mecánico da lectura e a escritura
- A deficiente expresión oral e escrita do alumnado
- A falta de vocabulario apropiado a súa idade
- A mala calidade de comprensión lectora
- A falta de motivación cara a lectura do alumnado
- A lectura como ocio debe competir en inferioridade de condicións contra a televisión, os xogos audiovisuais e informáticos,... por ser diversións máis inmediatas e nas que a actitude dos nenos/as é máis pasiva intelectualmente, posto que a maioría non descubriron o pracer de abrirse a novos mundos, a ver coa imaxinación, a sentir dende a distancia,... en definitiva, a adquirir unha cultura, a desenrolar unha inquietude por seguir aprendendo e a coñecer o que de outra maneira xamais poderíamos
- Baixa capacidade na localización de fontes de información adaptadas ás necesidades concretas e incapacidade para discriminar a información máis importante da que é secundaria
- Problemas na selección de libros para a lectura

Todo elo leva a necesidade de fixar un modelo que favoreza e potencie o hábito lector dos noso alumnado.

3.- Aplicación da comprensión lectora na aula

O CPI Atios considera que a aprendizaxe significativa de cada área só pode realizarse a través da lectura comprensiva dos seus textos xa que esta é imprescindible para que o alumnado entendan, asimilen e recorden os conceptos de cada unha delas, polo tanto:

a) Cando se empreguen recursos audiovisuais ou outros, elaboraranse actividades didácticas e guións para facilitar a interpretación dos códigos verbais e non verbais.

b) Na elección do libro de texto, terase en conta a súa adecuación aos obxectivos de área, á metodoloxía empregada e en que medida favorece a comprensión lectora.

c) Prepararanse as clases tras analizar a estrutura da unidade e tentando transmitir ao alumnado as técnicas de estudo adecuadas para adquirir os coñecementos propostos.

d) Utilizaranse cada un dos tres tipos de lectura (previa, lenta e de síntese) cando se estime oportuno.

e) A lectura comprensiva é un proceso no que caben diversos procedementos como a exposición oral, as redaccións, a lectura en voz alta...

f) É indubidable que a biblioteca é un centro de recursos que apoia a aprendizaxe de todas as áreas e a igualdade educativa de todos os estudantes.

O CPI Atios considera que cada área ten unha linguaxe específica e un vocabulario concreto, polo tanto:

a) Axudarase aos alumn@s a coñecer e empregar a terminoloxía adecuada en cada ámbito do saber para que o manexen dun xeito progresivo e preciso.

b) Elaborarase unha lista de termos fundamentais de cada materia co fin de observar a evolución da capacidade lectora e de comprensión conceptual do alumnado.

c) É imprescindible coñecer o significado claro de todos os conceptos, non só para a súa comprensión, senón para incorporalos á linguaxe oral e escrita.

d) Debe procurarse que os alumn@s coñezan a orixe etimolóxica e a evolución histórica dos termos para ampliar o seu horizonte cultural e facilitar a relación entre os coñecementos das distintas áreas.

Para **mellorar a comprensión lectora** das unidades didácticas formuladas nos libros de texto, débese:

- ✓ Ler detidamente os textos.
- ✓ Facer preguntas dirixidas cara a comprensión do texto.
- ✓ Analizar o vocabulario.
- ✓ Activar as ideas previas.
- ✓ Relacionar o texto lido con outras experiencias.
- ✓ Facer resumos, esquemas ou mapas conceptuais.
- ✓ Extraer a idea principal.
- ✓ Propor outros títulos.
- ✓ Facer debuxos que resuman o texto.
- ✓ Reler en silencio.

Para **romper o hábito de ocultar que non se comprende**, o profesorado debe:

- ✓ Intentar que o alumno supere o sentido do ridículo e prestar unha atención especial aos tímidos.
- ✓ Facilitar que pregunten.

- ✓ Non levantar a voz nin enfadarnos senón ter una actitude comprensiva.
- ✓ Animarlles á participación.
- ✓ Ter paciencia, repetir as explicacións de xeito diferente ou facelo coa colaboración de outros compañeiros.
- ✓ Facilitarlles que pregunten de forma indirecta (escrita).
- ✓ Crear un clima de silencio e atención.

Para **activar o clima de participación na aula** e lograr un ambiente participativo, o alumno deberá:

- ✓ Respetar as quendas de palabra.
- ✓ Aprender a escoitar.
- ✓ Reflexionar antes de falar.
- ✓ Comprender que todas as ideas son válidas e respectables e que non pasa nada por equivocarse.
- ✓ Formular preguntas sobre os textos tanto ao profesor como aos compañeiros.
- ✓ Expoñer as preguntas con seriedade.
- ✓ Aprender a defender teses ou a rebatelas, argumentando correctamente.
- ✓ Emprender unha segunda lectura despois de formuladas as cuestións.

Para a **comprensión do vocabulario específico de cada área**, realizaranse as seguintes actividades:

- ✓ Buscar sinónimos e antónimos.
- ✓ Estudar prefixos, sufixos, familias de palabras, campos semánticos, etc.
- ✓ Subliñar as palabras que non se entenden.

Para **mellorar a comprensión e a expresión oral**, propónse:

- ✓ Que o profesorado lea en voz alta para servir de modelo e referente ao

alumnado

- ✓ Avaliar a comprensión lectora do alumno mediante a lectura en voz alta de textos previamente traballados.
- ✓ Que o alumno lea tamén en voz alta.
- ✓ Fomentar a expresión a través da lectura de textos.
- ✓ Definir, de forma oral, termos que se traballaron e comprenderon.

4.- Plan anual de lectura no centro

Cada dous anos o grupo de profesores encargados de levar adiante o proxecto lector deseñará un Plan Anual de Lectura que se incorporará ao Plan Anual do Centro. No Plan Anual de Lectura concretaranse as actividades que reflectan os obxectivos, as características das lecturas e os procedementos que se expoñen a continuación.

OBXECTIVOS XERAIS DA ETAPA

- Desenvolver competencias para ler con fluidez, velocidade e entoación adecuadas.
- Comprender distintos tipos de textos adaptados a súa idade ou pensados para esta.
- Empregar a lectura como medio para ampliar vocabulario e coñecer as regras básicas de ortografía.
- Dominar estratexias elementais de comprensión lectora.
- Estimar o valor dos textos literarios e servirse da lectura como fonte de pracer, información e enriquecemento persoal.

- Usar a biblioteca para a búsqueda de información nos procesos de aprendizaxe, así como ver nela un recurso privilexiado de goce.
- Ler e resumir (de maneira oral ou por escrito), ao rematar cada ciclo, dez obras aproximadamente, alén de gozar de tipos de textos de extensión variable, tanto por iniciativa do mestre ou da mestra, ou por iniciativa persoal.
- Dominar a comprensión dos enunciados nas distintas actividades a realizar na aula diariamente, de forma autónoma.
- Exercitar a lectura expresiva de diferentes tipoloxías textuais utilizando o rexistro adecuado a cada unha: ritmo, entoación, pronunciación...
- Asimilar estratexias de comprensión lectora (reler, avanzar, consultar o dicionario, buscar referentes próximos, formular e validar hipóteses, comentar impresións, dialogar sobre o lido, preguntar dúbidas, redactar resumos e esquemas...)
- Crear un lector estable.
- Fomentar actitudes de consumo selectivo, análise crítica das mensaxes, contraste coa realidade, postura activa ante os medios de comunicación e formación de criterio propio.

DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS LECTORAS POR CURSOS

EDUCACIÓN INFANTIL:

OBXECTIVOS DIDÁCTICOS:

- ✓ Achegarse á lectura e escritura como medio de comunicación, información e gozo.
- ✓ Coñecer as normas de funcionamento e uso da biblioteca.
- ✓ Coñecer as características dos distintos formatos de texto escrito.
- ✓ Utilizar, respectando as normas, o recanto de lectura da aula.
- ✓ Aprender a editar libros que recollan o aprendido nos proxectos ou unidades didácticas, como medio para informar a outras persoas do seu entorno.
- ✓ Aprender a ter unha actitude de escoita, cando se fai unha lectura, ou nunha actividade de contacontos.

CARACTERÍSTICAS DAS LECTURAS

- ✓ Libros divulgativos, con moitas ilustracións, que teñan relación cos proxectos e unidades didácticas que se están a desenvolver na aula.
- ✓ Libros de contos adaptados, con estrutura de repeticións.
- ✓ Poesías e rimas de fácil memorización.
- ✓ Listas e letreiros asociados a espazos e rutinas da aula.

PRIMEIRO E SEGUNDO CURSO:

OBXECTIVOS DIDÁCTICOS

- ✓ Mellorar a velocidade e comprensión lectora.
- ✓ Adquisición do pracer de ler.
- ✓ Desenvolver a imaxinación e a capacidade de observación.
- ✓ Ampliar o vocabulario e usalo adecuadamente.
- ✓ Describir imaxes e, a partir delas, expresar emocións, vivencias e sentimentos; así como inferencias sobre o contido dos textos.
- ✓ Ler expresivamente e escribir con corrección palabras, frases e textos sinxelos entendendo o seu significado.
- ✓ Comprender textos de diferente tipoloxía e practicar a súa escritura: poemas, adiviñas, refráns, instrucións, exposicións, noticias, cartas, listas da compra, cómics, paneis informativos, anuncios, entrevistas, diálogos, lendas, contos...
- ✓ Desenvolver estratexias de comprensión lectora, empregar a lectura como vehículo de goce e aprendizaxe, e identificar as ideas nucleares dun texto.
- ✓ Entender a lectura e a escritura como fontes de comunicación e pracer.
- ✓ Resolver xogos lingüísticos: sopas de letras, encrucillados, adiviñas; e exercitar a rapidez e a eficacia lectoras (trabalinguas).

CARACTERÍSTICAS DAS LECTURAS

- ✓ Profusión de imaxes para asegurar a comprensión lectora.
- ✓ Textos inscritos en espazos familiares aos alumnado, con presenza de
- ✓ ingredientes fantásticos e desenlaces felices e/ou inesperados.

- ✓ Protagonismo infantil ou de animais e elementos da natureza personificados para favorecer a identificación do lector.
- ✓ Temas centrados nas emocións, a afectividade e as relacións humanas ou interpersoais.

TERCEIRO E CUARTO CURSO:

OBXECTIVOS DIDÁCTICOS

- ✓ Desenvolver a imaxinación e o pensamento crítico.
- ✓ Estimular a expresión ordenada de experiencias, vivencias, emocións, sentimentos e situacións persoais.
- ✓ Ampliar o vocabulario e usalo adecuadamente.
- ✓ Exercitar a lectura atenta, expresiva e comprensiva.
- ✓ Reforzar o uso de estratexias de comprensión lectora e interiorizar o pracer lector e o gusto pola escritura.
- ✓ Entender a lectura e a escritura como fontes de pracer, de información, de aprendizaxe e de enriquecemento lingüístico.
- ✓ Consulta do dicionario con axilidade e solvencia.
- ✓ Comprender textos de diferente tipoloxía e practicar a súa escritura: poemas, adiviñas, refráns, exposicións, instrucións, argumentacións, diarios e cartas persoais, noticias, cómics, diálogos dramáticos, narracións fantásticas e realistas, relatos cómicos, lendas, contos...
- ✓ Recitar poemas coa entoación e ritmo adecuados, resolver acertixos e adiviñas, e ler contos de forma expresiva e comprensiva.
- ✓ Ler de modo dramatizado diálogos teatrais e poemas, e representar contos e situacións cotiás seguindo un guión dado.
- ✓ Combinar a narración e a descrición en escritos de produción propia.

- ✓ Ler con rapidez trabalinguas para mellorar a competencia lectora.
- ✓ Describir persoas, animais e espazos segundo modelos de produción.
- ✓ Comentar e memorizar cancións, refráns e adiviñas para disfrutar coa dimensión lúdica da linguaxe.

CARACTERÍSTICAS DAS LECTURAS

- ✓ A importancia das imaxes na comprensión lectora diminúe.
- ✓ Os universos maravillosos e os contos fantásticos enmarcados en espazos naturais son os preferidos.
- ✓ Protagonismo dos nenos, así como de obxectos e animais personificados que superan conflitos para favorecer a identificación lectora.
- ✓ Introducción de textos de corte realista ou social por un interese crecente polas relacións dos suxeitos co seu entorno.

QUINTO E SEXTO CURSO:

OBXECTIVOS DIDÁCTICOS

- ✓ Afondar na concepción da lectura como fonte de pracer, de información, de aprendizaxe e de enriquecemento persoal.
- ✓ Desenvolver a imaxinación, a sensibilidade e o pensamento crítico.
- ✓ Ampliar o vocabulario e usalo adecuadamente.
- ✓ Explorar recursos lingüísticos que xeneran novo vocabulario.
- ✓ Empregar con fluidez a lingua para intercambiar xuízos, ideas, experiencias, vivencias, emocións, sentimentos e situacións persoais.
- ✓ Comprender textos de diversa tipoloxía e practicar a súa escritura: poemas, exposicións, instrucións, argumentacións, cartas, noticias,

entrevistas, cómics, caligramas, acrósticos, diálogos teatrais, narracións imaxinarias e realistas, relatos humorísticos, fichas cinematográficas...

- ✓ Exercitar a lectura expresiva e a rapidez e eficacia lectoras.
- ✓ Impulsar as representacións teatrais e as lecturas dramatizadas.
- ✓ Reforzar competencias para producir de forma autónoma textos narrativos e descritivos, tanto orais como escritos.
- ✓ Afondar na técnica do resumen, distinguindo as ideas, as accións e os personaxes principais dos secundarios.
- ✓ Usar diversos recursos de acceso a información e á lectura (dicionarios, enciclopedias, Internet, medios de comunicación, etc.).
- ✓ Utilizar autonomamente a biblioteca do centro e actualizar periodicamente a da aula.
- ✓ Reforzar e desenvolver hábitos e competencias de lectoescritura que faciliten a adquisición de contidos nas diversas áreas ou materias.

CARACTERÍSTICAS DAS LECTURAS

- ✓ As imaxes perden protagonismo en favor do texto.
- ✓ O fantástico aínda fascina, pero se amplían as preferencias. É o momento das lendas e os mitos, da aventura, das historias de amor, dos relatos policíacos ou de terror, do humor, da cienciaficción...
- ✓ Abundan os protagonistas da mesma idade que os nenos para encarnar as súas preocupacións e vivencias.
- ✓ Diminúe o predominio narrativo da terceira persoa e, con frecuencia, é o personaxe quen conta a historia coa súa propia voz.

PROCEDEMENTOS

- Descrición de obxectos, animais e persoas utilizando o vocabulario adecuado e seguindo un orden espacial e lóxico.
- Prácticas coas relacións entre a lingua oral e a escrita: entoacións, xestos e pausas.
- Observación de ilustracións, recoñecemento de frases que as describen.
- Lectura expresiva e comprensiva de frases e textos; e análise destes a través de preguntas e comentarios.
- Determinación da veracidade ou falsidade de afirmacións sobre o tema, o argumento e os personaxes das lecturas.
- Finalización de historias escollendo un desenlace ou final, así como de poemas de carácter narrativo ou descritivo.
- Escritura, segundo un sinxelo modelo, de felicitacións, cartas, instrucións, exposicións, noticias, cartas, postais, listas da compra, cómics, notas, invitacións, anuncios, entrevistas, diálogos, fábulas, contos...
- Realización de actividades lectoras na biblioteca e na aula de informática.
- Resolución de xogos lingüísticos: sopas de letras, encrucillados sinxelos e adiviñas populares.
- Comentario e memorización de cancións, refráns e adiviñas.
- Lectura de trabalinguas para reforzar a rapidez e a eficacia lectoras.
- Audición atenta de textos para identificar os seus elementos constitutivos.
- Lectura e escritura pautada de poemas, adiviñas, refráns, exposicións, instrucións, argumentacións, diarios e cartas persoais, noticias, cartas,

cómics, diálogos dramáticos, narracións imaxinarias ou fantásticas, planes, narracións realistas, lendas, fábulas, contos...

- Comprensión de textos dende a experiencia, os sentimentos e os coñecementos propios; e a partir de xuízos persoais razoados.
- Identificación de plantexamentos, nudos e desenlaces narrativos.
- Selección de resgos que definen a personaxes, obxectos e espazos; e identificación de tempos narrativos e accións principais.
- Interpretación de sinxelas ironías e dobres sentidos en textos cómicos.
- Diferenciación das partes narrativas e descritivas de varios textos para despois exercitar esta alternancia.
- Descrición de persoas, animais e espazos seguindo un modelo.
- Lectura atenta, expresiva e dramatizada de contos, poemas e diálogos teatrais coa pronunciación, o ritmo, e a entoación adecuadas.
- Enumeración de sucesos imaxinarios, elección dun título e invención de finais alternativos para unha serie de historias.
- Compleción de narracións e poemas.
- Escritura de resumes seleccionando ideas nucleares.
- Resolución de xogos lingüísticos e adiviñas.
- Prácticas de consulta do dicionario para asegurar a precisión léxica.
- Práctica coas estratexias que permiten resolver dúbidas na comprensión de textos: ordenar secuencias, reler, resumir, exercitar a rapidez lectora, apelar ao contexto ou a outras lecturas similares...
- Consulta de, enciclopedias, folletos publicitarios, Internet etc., para satisfacer necesidades de información, lectura e produción textual.

- Actividades na biblioteca para reforzar un uso autónomo de esta.
- Exercicios para distinguir as ideas secundarias das principais.
- Comentario e xuízo persoal sobre os textos orais e escritos.
- Charlas ou debates para desenvolver a lectura crítica ante o comportamento dos personaxes e as accións que protagonizan.
- Participación activa nas propostas de animación lectora pensadas para compañeiros/as máis pequenos.

CONTIDOS TRANSVERSAIS

- Respecto, conservación e uso correcto dos libros.
- Coordinación de distintos medios de expresión: verbal, corporal, visual, plástica e musical.
- Aceptación da propia identidade e progresión na autonomía personal, e respecto polas diferenzas culturais entre as persoas.
- Participación activa nos xogos colectivos e no traballo.
- Valoración positiva da fantasía, a creatividade, o inxenio, a sinceridade, o esforzo, a responsabilidade e a xenerosidade.
- Valoración do uso das distintas linguas como enriquecemento cultural e como dereito patrimonial dun pobo.
- Responsabilidade fronte ao traballo e os compromisos adquiridos.
- Aceptación do diálogo como forma para resolver as situacións conflitivas.

5.- Proposta de actividades bienio 2020/22

Estas actividades que a continuación se detallan busca promover a comprensión lectora específicas por materias e o fomento da lectura coordinadas pola biblioteca :

- ✚ Organización de meses por centros de interese e tipos de lecturas (o cómic, a prensa, a lectura libre, poemas, teatro lido, tolerancia, ecoloxía, o rebumbio...) que irán variando segundo os acontecementos sociais e culturais que se produzan nese momento e que estarán relacionados coas distintas áreas do currículo.
- ✚ Dedicación dentro do “site” do colexio en internet dedicarse unha sección aos traballo e lecturas feitas durante o curso académico.
- ✚ Creación dun “Clube do Libro” do que formarán parte aquel alumnado que cumpra cunha serie de condicións no trato dos libros, número de lecturas por trimestre...
- ✚ Creación dun “Diario de Lectura”(documento individual onde un neno anota unhas breves pinceladas sobre o libro lido).
- ✚ Creación dun “Carné de lectura” (documento sinxelo personalizado con espazo para escribir o título e autor de cada libro lido)
- ✚ Lecturas en voz alta cun ambiente relaxado e adecuado para os máis pequenos.
- ✚ Sesións de contacontos botando man de profesores, nais e pais, avós, profesorado, alumnado dos últimos ciclos...
- ✚ Os lectores máis asiduos comentarán para os compañeiros de nivel os libros que máis lles gustaron.

- ✚ Preparación de obras de teatro a representar nos distintos festivais ou momentos do curso.
- ✚ Traballarase a semana da prensa.
- ✚ Iniciación na lectura crítica da publicidade.
- ✚ Confección de rimas publicitarias en relación con actividades do centro (comedor, semana das ciencias...)
- ✚ Traballos documentais sobre o autor ao que se dedique o “Dia Das Letras Galegas”.
- ✚ Lecturas individual, en grupo, con resumo escrito.
- ✚ Comezo de lecturas polos profesores e profesoras.
- ✚ Lecturas enfocadas a ler ou representar ós máis pequenos.
- ✚ Cambio de posicións na aula na sesión de lectura.
- ✚ Exposición de personaxes de cómic unha vez traballados.
- ✚ Concursos de pistas sobre personaxes que estean nos libros.
- ✚ Caixas de lectura nas aulas segundo o tema.
- ✚ Animación de pais e avós.
- ✚ Cancións que lles gusten.
- ✚ Concurso sobre preguntas dun libro lido.
- ✚ Cine relacionado co tema a traballar nese mes.
- ✚ Lecturas presenciais con música (historias, contos, poemas, rimas, adiviñas...)
- ✚ Contos dixitalizados.
- ✚ Teatro lido e gravado en vídeo.
- ✚ Teatro de sombras.
- ✚ Análise sinxela de textos literarios curtos.

- ✚ Recollida de noticias (positivas e negativas) ao longo de toda a semana e posta en común.
- ✚ Fichas a cubrir polo alumno que le o libro.
- ✚ Mochila ou maleta viaxeira (lévanse libros, vídeos, un cd, un conto feito polos nenos...) para a casa para compartir coa familia.
- ✚ Invención dun final diferente.
- ✚ Inventar un final para o texto.
- ✚ Ditados en grupo onde cada un do grupo le para os outros unha liña do texto que estará a certa distancia.
- ✚ Lecturas na rede.
- ✚ Lecturas modernas de libros clásicos.

Cada curso escolar dentro do Plan Anual de Lectura as actividades a realizar plasmaranse dun xeito máis concreto.

6.- Organización das bibliotecas de aula

Funcionarán as bibliotecas de aula en tódalas clases con libros procedentes da biblioteca do centro en réxime de préstamo. Cada titor escolle os libros para un período de tempo, normalmente un trimestre, e xestiona os préstamos na súa aula.

Cada ciclo escolle o funcionamento da biblioteca de aula.

Levan un libro por semana ou quincena e fanse actividades sobre el na clase:

- Cubrir a ficha do libro: autor, título, editorial...

- Descrición de personaxes.
- Debuxo dos personaxes.
- Resumo do libro por capítulos ou xeral.
- Resumo con viñetas do máis importante.
- Xogos de comprensión:

7.- Itinerarios lectores

Os itinerarios lectores poderanse modificar anualmente se así o considera o ciclo ou departamento; se non, enténdese que serán establecidos para dous cursos escolares.

8.- As TIC no proxecto lector

- Acceso a internet na biblioteca e nas aulas.
- Pequenos proxectos de investigación documental e informativa nas aulas en grupos.
- Páxina web do centro e blog da biblioteca.
- Programas educativos nos que os alumn@s e alumnas elaboren os seus traballos.
- Aula de informática.
- Proxecto Abalar.
- Xestión informática dos fondos a través do Proxecto Meiga.

9.- O plan lector no entorno do alumnado

O CPI de Atios considerase inmerso nunha comunidade escolar e non como un organismo illado. Así pois, este Plan Lector non se entende sen actividades coordinadas coa Biblioteca Municipal e a participación do entorno do alumnado no conxunto xeral de traballos que se programen (como xa se ven facendo de forma habitual).

10.- Avaliación do proxecto

- ❖ Este proxecto será avaliado de forma continua polos membros da comunidade educativa e concretarase, en última instancia, polo equipo responsable da Biblioteca, reunido de forma periódica para exercer unha reflexión sobre o proxecto.
- ❖ Unha vez formulada a avaliación como reflexión continuada, serán necesarios uns criterios de referencia, así como a determinación duns procedementos para seguir.

10.1 Criterios

- ✚ Grao de consecución dos obxectivos formulados.-
- ✚ Funcionalidade do Proxecto na escola.-
- ✚ Accesibilidade da Comunidade Escolar ao Plan Lector.
- ✚ Normalización do plan lector na vida do centro
- ✚ Detección de posibles erros ou dificultades na concepción dunha determinada actividade.
- ✚ Recoller sempre novas achegas que enriquezan e melloren o proxecto

10.1 Procedementos

- ✚ Os procedementos para avaliar o Plan Lector recollen os pasos e aspectos a seguir para levar a cabo a súa valoración.

¿Quen avalía o Proxecto?.

- ✚ Como un elemento máis da Programación Xeral Anual, a avaliación correrá a cargo do equipo de Biblioteca tendo en conta as contribucións do claustro de profesores, pais/nais e alumnado.
- ✚ Neste sentido, resulta fundamental o labor do profesor tutor que será quen de transmitirle ao alumnado o gusto polos libros en todas as súas facetas

¿Cando se avalía o Proxecto?.

- ✚ A avaliación terá carácter continuo, anotando de forma permanente os datos rexistrados durante a realización de calquera actividade, a través de rexistros estandarizados.
- ✚ Trimestralmente, dentro do proceso de avaliación da PXA, informaráselle ao Claustro de profesores e ao Consello Escolar acerca da análise global do Proxecto.
- ✚ A fin de curso será recollida nunha memoria final a valoración global do Proxecto, que incluírá as posibles modificacións de cara ao próximo curso.

¿Como se avalía o Proxecto?

- ✚ A través da observación, rexistro e análise que os profesores en xeral e os titores en particular levan a cabo sobre cada unha das actividades

realizadas: actitude observada nos usuarios, nivel de interese amosado pola actividade, grao de implicación nela...

- ✚ Realización de enquisas ao alumnado
- ✚ Observar co paso do tempo que os alumnado se senten preparados para valorar a calidade dun determinado libro.

